UGT Servizos Públicos Autonómica

# Informa-t

# PROCESO SELECTIVO ESCALA SUPERIOR DE FINANZAS (SUBGRUPO A1) OPE 2018: CONVOCATORIA ELECCIÓN DESTINO PROVISIONAL

*Santiago de Compostela 06/09/2021*

Publicada, hoxe en DOG, a **Resolución de convocatoria para a elección de destino provisional as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo**. Por medio da que:

- Publícase como **anexo I** a relación de persoas **aspirantes que superaron o proceso selectivo** e que son convocadas á **elección de destino provisional**.
- Os **postos ofertados e os requisitos exixidos** para a súa ocupación figuran como **anexo II** da resolución. As persoas aspirantes elixirán as prazas do subgrupo a que acceden e de conformidade co indicado no anexo II da resolución.

**Procedemento:**

- Para o acceso á aplicación informática para a elección de destino, **Función Pública remitirá** ás persoas aspirantes un **correo electrónico co usuario e a clave de acceso á aplicación do proceso selectivo**.
- No **prazo máximo de 2 días hábiles** contados a partir do día **seguinte ao da publicación** desta **resolución no DOG**, a persoa **aspirante**, no suposto de que **non recibise** correctamente o seu usuario e clave, **deberá poñerse en contacto** co servizo informático da Dirección Xeral da Función Pública, no teléfono **881 99 98 83**, para que se lle faciliten os datos necesarios.
- Unha vez **transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior**, **abrirase un prazo de 5 días hábiles** para que as persoas **aspirantes** que constan no anexo I desta resolución **seleccionen telematicamente**, a través do sistema electrónico, os **destinos ofertados por orde de prelación**.
- A elección de destinos deberá realizarse a través do **sistema electrónico** a que se poderá acceder a través da páxina web da Dirección Xeral da Función Pública funcionpublica.xunta.gal, seguindo a ruta «Función pública»–«Procesos selectivos».

**Ás persoas aspirantes que:**

- **non presenten** a súa **solicitude** de elección no prazo sinalado, ou
- **seleccionen un número de prazas inferior ao da posición que ocupan no proceso** e non se lles adxudique ningún destino ou
- **non presentasen a súa solicitude no xeito previsto nesta resolución**

**Seranlles adxudicados en destino provisional os postos que lles correspondan atendendo á orde de publicación destes e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos ás aspirantes presentes ou representadas, entre os que quedasen sen adxudicar.**

*Secretaría de Autonómica UGT Servizos Públicos Galicia*
*Correo electrónico: sindicato-uxt@xunta.gal*
*www.fespugt.es  www.facebook.com/FESP-UGT-Galicia-Autonómica*

O Público o noso compromiso